CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO CON TDL

DA INVISIBILIDADE Á INCLUSIÓN

Arantza Saborido Fernández
@ptarantza

CC BY SA

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026



# PAPEL E BOLI! ESCOITADE CON ATENCIÓN

Arantza Saborido Fernández
@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# ASÍ SE SINTE O ALUMNADO CON TRASTORNO DE DESNEVOLVEMENTO DA LINGUAXE

Arantza Saborido Fernández
@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# POR QUE O TDL É UN RETO NA AULA?

- PREVALENCIA
- INVISIBILIDADE
- IMPACTO

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026



# POR QUE O TDL É UN RETO NA AULA?

PREVALENCIA

Afecta a 1 de cada 14 nenos/as

INVISIBILIDADE

IMPACTO

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026



# POR QUE O TDL É UN RETO NA AULA?

## PREVALENCIA

Afecta a 1 de cada 14 nenos/as

## INVISIBILIDADE

Non hai trazos físicos, o que leva a etiquetas erróneas

## IMPACTO

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# POR QUE O TDL É UN RETO NA AULA?



## PREVALENCIA

Afecta a 1 de cada 14 nenos/as

## INVISIBILIDADE

Non hai trazos físicos, o que leva a etiquetas erróneas

## IMPACTO

Condiciona o éxito académico e o benestar emocional

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# ONDE IMOS NESTA FORMACIÓN?

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# ONDE IMOS NESTA FORMACIÓN?

**FUNDAMENTOS**

Que é o TDL

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# ONDE IMOS NESTA FORMACIÓN?

**FUNDAMENTOS**

Que é o TDL

**LECTOESCRITURA**

O salto do oral ao escrito

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# ONDE IMOS NESTA FORMACIÓN?

**FUNDAMENTOS**

Que é o TDL

**AVALIACIÓN**

Necesidades reais

**LECTOESCRITURA**

O salto do oral ao escrito

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# ONDE IMOS NESTA FORMACIÓN?

**FUNDAMENTOS**

Que é o TDL

**AVALIACIÓN**

Necesidades reais

**LECTOESCRITURA**

O salto do oral ao escrito

**INTERVENCIÓN**

Estratexias e materiais

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# ONDE IMOS NESTA FORMACIÓN?

**FUNDAMENTOS**
Que é o TDL

**AVALIACIÓN**
Necesidades reais

**CARGA INVISIBLE**
O socioemocional

**LECTOESCRITURA**
O salto do oral ao escrito

**INTERVENCIÓN**
Estratexias e materiais

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026



# OBXECTIVOS DE HOXE

- Diferenciar TDL de atraso de linguaxe.
- Comprender a evolución do termo (do TEL ao TDL).
- Detectar as sinais de alerta en cada etapa.

@ptarantza

# O TDL É

(...)



CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# O QUE NON É O TDL

**NON** é falta de estimulación ambiental (non fala mal porque na casa non lle falen).

**NON** é un problema de intelixencia (o CI está dentro da norma).

**NON** é un problema auditivo ou motor.

**NON** é que sexa "vago/a" ou "non queira".



@ptarantza

# O TDL É

O TDL é unha condición neurobiolóxica, multicausal.

**NON** é consecuencia da contorna.



# DA DISFASIA AO TEL E AO TDL




Disfasia

TEL - Trastorno Específico da Linguaxe

TDL - Trastorno do Desenvolvemento da Linguaxe




# DISFASIA

Disfasia (Anos 70-80):
Termo médico.
Definíase como unha "perda" ou anomalía grave na linguaxe sen causa aparente.
Tiña unha connotación moi ríxida e case "patolóxica"




# TEL

Trastorno Específico da Linguaxe
(Anos 90-2010):
O foco era a "especificidade".
Só fallaba a linguaxe. (Criterio de exclusión).




# TDL

Trastorno do Desenvolvemento da Linguaxe.
O foco é o impacto funcional.
Xa non se fala de especificidade.
Sabemos que a linguaxe convive con outras dificultades.

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# NON HAI UN MODELO ÚNICO DE TDL

**Forma**: Fonoloxía e sintaxis (como soa e como ordena frases).

**Contido**: Semántica (vocabulario e conceptos).

**Uso**: Pragmática (como usa a linguaxe para relacionarse).




@ptarantza



# O DIAGNÓSTICO DSMV-TR VS CIE11

DSM-5-TR (APA, 2022): Opta polo termo Trastorno da Linguaxe. Non distingue subtipos dentro del, pero crea unha categoría separada: o Trastorno da comunicación social (pragmático).



# O DIAGNÓSTICO DSMV-TR VS CIE11

CIE-11 (OMS, 2019): Recolle o termo oficial de Trastorno do Desenvolvemento da Linguaxe (TDL). A diferenza do DSM, este manual si recolle tres subtipos específicos.

# OS 3 SUBTIPOS DA CIE 11

**TDL con afectación na linguaxe receptiva e expresiva**: dificultades tanto para entender como para producir mensaxes.

**TDL con afectación principalmente na linguaxe expresiva**: o neno comprende ben a maioría das mensaxes, pero ten grandes barreiras para estruturar a súa fala.

**TDL con afectación principalmente na pragmática**: correspóndese co que o DSM-5 etiqueta por separado. O problema reside no uso social da linguaxe e a comunicación.



# CHAVES DO TDL: QUE ÁREAS FALLAN?

**Morfosintaxe**: frases incompletas, erros en tempos verbais, concordancia errónea.

**Semántica**: vocabulario limitado, dificultade con termos abstractos e polisémicos.

**Fonoloxía**: erros na articulación e na organización dos sons (pode dificultar moito que se lles entenda).

**Pragmática**: dificultade para entender ironías, respectar quendas ou axustar o rexistro ao interlocutor.

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# CHAVES DO TDL: QUE ÁREAS FALLAN?

**Morfosintaxe**: pronuncia ben, pero non sabe "montar" a frase seguindo as regras.

**Semántica**: falla o significado ou o acceso ás palabras do "dicionario" mental.

**Fonoloxía**: o erro está na produción ou organización dos sons, aínda que a frase estea ben pensada.

**Pragmática**: falla a intención, o "como" e o "cando" se di a mensaxe.



@ptarantza



# TDL VS ATRASO DA LINGUAXE

**Atraso Simple:** Afecta sobre todo á expresión, hai boa comprensión, e cunha intervención mínima ou estimulación recupérase rápido.

**TDL:** É persistente, afecta a varias áreas (incluída a comprensión moi frecuentemente) e ten unha base neurobiolóxica que require intervención especializada e constante.

# SINAIS DE ALERTA

# SINAIS EN EDUCACIÓN INFANTIL

Falantes tardíos: menos de 50 palabras aos 24 meses.

Ausencia de frases de dúas palabras aos 2 anos e medio.

Dificultade para seguir ordes sinxelas sen apoio de xestos.

# SINAIS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Dificultade para narrar sucesos (contar que fixeron o finde).

Vocabulario moi impreciso ou uso de termos moi xenéricos.

Problemas para comprender enunciados se son longos ou complexos.

1. Observa a seguinte lista de palabras e rodea con dous círculos só os **substa-fantivos femininos**, a condición de que non sexan plurais. No caso de que algun-desas palabras sexa un nome propio, sublíaa en lugar de rodeala.

# SINAIS SOCIAIS E DE CONDUTA

Illamento no patio ou preferencia por xogar con nenos máis pequenos.

Respostas tanxenciais (responden algo que non ten que ver).

Frustración que se traduce en "mal comportamento" ou retraemento extremo.





CFR Ferrol

11 de marzo de 2026



@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026



@ptarantza



CFR Ferrol

11 de marzo de 2026



# CONDUTA SOCIAL

O TDL non é un problema de comportamento, é un problema de comunicación que xera condutas defensivas. Se arranxamos a barreira da linguaxe (que veremos como facer nas vindeiras sesións), a conduta adoita baixar de intensidade por si sola.

@ptarantza

CFR Ferrol

11 de marzo de 2026

# GRAZAS

## VÉMONOS MAÑÁ

ARANTZA SABORIDO FERNÁNDEZ

saboridofernandez@edu.xunta.gal

@ptarantza

CC BY SA